

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 01.03.2018

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.05 h do 01.03.2018, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal (quen abandona a sesión ás 20.49 h durante o punto 9º da orde do día), Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez (quen abandona a sesión ás 20.49 h durante o punto 9º da orde do día), Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Panceiras, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Iria Luisa Díaz Gavela

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, das actas do 26.10.2017, do 02.11.2017, do 07.12.2017 e do 19.12.2017

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que o seu grupo solicita que se voten as actas por separado e anuncia que non vai aprobar a acta do 26.10.2017, nin a do 02.11.2017, xa que respecto da primeira estima que se cometeu un delito, e ademais, é unha cuestión que esta pendente nos tribunais. Respecto da segunda di que non se recolleron as manifestacións que fixo a concelleira María Manuela Aguilar Prieto respecto da entrega duns documentos por parte do PDDdeG.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que no anterior Pleno que veu a acta do 26.10.2017, o seu partido presentou unha moción para a retirada da súa aprobación da orde do día co obxecto de poder consultar e oír o audio. A moción resultou aprobada, pero o audio non o puideron escoitar e entende que antes de aprobar a acta teñen dereito a saber se se corresponde co que pasou ou non. Respecto do resto das actas, non ten ningunha obxección pero entende que a do 26.10.2017 ten que ter un tratamento diferenciado.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que o seu grupo tampouco vai aprobar a acta porque estase na mesma situación que no Pleno anterior. Segue a pensar o mesmo.

A continuación intervén o alcalde que di que como xa se dixo no outro Pleno, as actas reflexan o que ocorre no Pleno e non as fai ninguén de parte de ninguén, as fai un fedatario público que é quen as levanta e limítanse a reflexar o que ocorre. Trouxéronse ao Pleno por dúas ocasións e esta é a terceira. Xa lles solicitou aos concelleiros no Pleno anterior que fixeran todas as observacións necesarias. A día de hoxe non se fixo ningunha observación, non consta ningunha por rexistro de entrada nin de palabra. A súa misión como alcalde, e por responsabilidade, é traer as actas ao Pleno para sacalas adiante. O que quere é que se fagan hoxe aquí as observacións que se desexen, como acaba de facer o grupo municipal do PP, para seren tidas en conta.

De seguido intervén o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que o punto da orde do día é ben claro: Aprobación, se procede. O seu grupo estima que non procede e

as súas observacións xa foron feitas nos Plenos anteriores e constan nas súas actas. Por iso reitera que votarán en contra desas dúas actas e, se non se votan por separado, votarán que non a todas as actas, aínda que non terían ningún inconveniente en votar a favor das outras dúas.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que ao amparo do artigo 32 do Regulamento orgánico municipal (ROM) solicita a retirada do punto da orde do día e que se proceda á votación da súa proposta, que é a retirada do debate e aprobación, se é o caso, da acta do 26.10.2017.

Seguidamente intervén o alcalde que di, unha vez máis, que as actas nunca se votan nos Plenos e as votacións non aparecen reflexada nas actas. As actas apróbanse coas observacións feitas e por iso non se vai retirar como tal. Por iso ínstalles aos concelleiros a sinalar as observacións que queiran, de xeito que, as que se fagan, figurarán na correspondente acta.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PP, José Andrés Serantes Paineiras, que di que a orde do día pon "Aprobación, se procede".

De seguido o alcalde dálle a palabra a secretaria municipal para que lles informe sobre a cuestión. A secretaria municipal intervén, por aclarar o fondo do debate, dicindo que as actas non se votan e o que se votan son as súas rectificacións. A continuación dá lectura da norma que así o regula, o artigo 91.1 do Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais (ROF):

"1. Las sesiones comenzarán preguntando el Presidente si algún miembro de la Corporación tiene que formular alguna observación al acta de la sesión anterior que se hubiere distribuido con la convocatoria. Si no hubiera observaciones se considerará aprobada. Si las hubiera se debatirán y decidirán las rectificaciones que procedan.

En ningún caso podrá modificarse el fondo de los acuerdos adoptados y sólo cabrá subsanar los meros errores materiales o de hecho.

Al reseñar, en cada acta, la lectura y aprobación de la anterior se consignarán las observaciones y rectificaciones practicadas."

Continúa a dicir a secretaria municipal que reitera que as actas non se votan e que se votan as súas rectificacións. Se se queren facer observacións ou manifestacións porque non queda algo ben recollido, se incorporarían mediante unha dilixencia. Cando se traen as actas a aprobar a orde do día é "Aprobación, se procede," e logo recóllese as observacións que houbese, se non as hai, a acta considérase aprobada porque así o dispón a Lei.

De seguido intervén o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que, logo da aclaración, insiste en que o seu grupo xa fixo as súas observacións e, se hai que votalas, as votará no senso de que quere que se recoñeza que esta acta non é fiable, non é correcta e, dentro dela existe a comisión dun delito, algo que é moi grave. Todo o relativo ao sucedido no Pleno do 26.10.2017 está en distintos procedementos xudiciais. Por tanto, feita esta observación, estima que é suficiente como para votar en contra da aprobación das actas, aínda que se aproben igual, pero o seu grupo votará en contra. Di isto, ademais doutras observacións que se poidan facer e o que o voceiro do grupo municipal Socialista dixo, ao que o seu grupo engadiría á retirada da orde do día da acta do 26.10.2017, a acta do 02.11.2017.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que neste momento non é cuestión de se se vota a favor ou en contra das actas, senón que é cuestión de que hai dúas mocións presentadas para retirar o punto da orde do día. O artigo 32 do ROM establece que non é decisión do presidente da Corporación, senón que se debe votar, por iso solicita que as mocións se voten para decidir se estas actas seguen no punto da orde do día ou se retiran. Solicita a aplicación deste artigo xa.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que é curiosísimo que de todo o audio a parte máis importante non se oía na gravación.

A continuación intervén o alcalde que di, respecto das observacións, que se toman nota. Respecto da moción para retirar o asunto da orde do día di que iso xa se fixo no último Pleno e por iso hoxe se volve traer aquí a aprobación das actas, senón estarase sempre con este asunto.

De seguido o alcalde dálle a palabra a secretaria municipal que di, respecto da petición que fixo o grupo municipal Socialista, que ao aplicar o artigo 32 do ROM consistiría en deixar de aplicar o artigo 91 do ROF que leu antes, que regula o procedemento de aprobación das actas, xa que o artigo 32 do ROM é para outro tipo de asuntos e desvirtuaría o procedemento para aprobar as actas. Por iso entende que non é de aplicación para este caso. Outra cousa foi que as actas quedaron sobre a mesa, porque había algo que substanciar, non se podía facer naquel momento xa que dependía dun fedatario que, ao mellor, non estaba na sesión ou había que volver escoitar os audios. Neste caso, estas actas foron revisadas novamente, así respecto da acta do 26.10.2017 volveuse traer exactamente igual, é dicir, a fedataria considera que non hai nada que rectificar. Respecto da acta do 02.11.2017 volveuse escoitar o audio e o momento no que o grupo municipal do PP pediu que se incorporen as manifestacións solicitadas é inintelixible. Di que falou coa secretaria accidental que actuou naquela sesión para suxerirille, se non ten notas dese momento nas súas anotacións e se o audio non se escoita ese momento concreto, que puxese un asterisco cunha nota que explicase que non se podía incorporar. O problema é que o audio non é intelixible e a fedataria non pode incorporar algo do que non teña nota ou non se escoita no audio.

A continuación intervén a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que a acta do 02.11.2017 é exactamente igual que a que se trouxo a vez anterior.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que volveu ler o artigo 32 do ROM e non ve que o artigo non se poida aplicar a un expediente ou non, fala de todos os expedientes e pídelle á secretaria que, se insiste no seu planteamento, emita un informe por escrito. Entende que aquí estase transgredindo a legalidade e non o vai deixar pasar, así presentará os recursos que considere oportunos. Parécelle excepcionalmente grave o que aquí se está tratando de facer. Por iso pídelle á secretaria que lle aclare en que parte do artigo 32 se di que tipo de expedientes son os que están afectados por este artigo e cales non.

De seguido intervén o alcalde que di que o que se pretende é cambiar ou poñer algo nunha acta que a fedataria pública daquela sesión non puxo, o que é bastante grave. Non se vai cambiar o que consta nunha acta, por moito que o Pleno queira.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o seu grupo pide que se lles deixe escoitar o audio e lémbrralle ao alcalde que naquel Pleno deixou bastante que desexar á hora de regular á mesa.

A continuación o alcalde contesta ao Sr. Noceda que non siga por aí, que con esa manifestación demostra que ten un descoñecemento total do que ten diante, xa que no Pleno da moción de censura non pintou nada e púxose a un lado. Non regulou nada.

Seguidamente contéstalle o Sr. Noceda que non regulou a seguridade que tiña que haber no Pleno para garantir que se desenvolvese polos cauces axeitados e non puxo ningún medio, ao que contesta o alcalde que o debate é outro e que o problema é que non ten idea do que se pon ou se deixa de poñer, xa que nunca consulta e nunca pregunta, fai as cousas como quere, que esta no seu dereito, pero non pode acusar aos demais.

A continuación o alcalde dálle a palabra a secretaria municipal para contestarlle ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que dende o seu punto de vista reitera o seu criterio. Hai un procedemento específico para a aprobación das actas e non pode ser aplicado o artigo 32 do ROM, que é un xenérico para o resto dos acordos, tendo que aplicar o artigo específico, que di que se non houbera observacións considerase aprobada. Por tanto, este é o artigo que hai que aplicar. O seu criterio é que habería que ir acta por acta e facer as observacións e se as houbese, se debaterían e votarían. Se non as houbese, consideraríanse aprobadas segundo di o ROF. Este é o criterio que se veu seguindo ata o de agora.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que non é verdade. Ata o de agora se aprobaron, comisión tras comisión e pleno tras pleno.

Seguidamente intervén o alcalde que di que este é un debate entre políticos e non entre políticos e técnicos.

De seguido intervén o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que reitera que o seu grupo denunciou e vai denunciar que na acta do 26.10.2017, cometeuse un delito e por iso non pode prestar ningún tipo de conformidade. Se a acta queda aprobada polo ministerio da Lei así será, pero serao coas observacións que acaba de manifestar. Respecto da acta do 02.11.2017, di que unha concelleira do seu grupo escoitou claramente, incluso dende esta esquina que ocupan, o que a presidenta da mesa dixo. Escoitouse moi claramente, aínda que o audio non o recolla, e o que eles escoitaron non llo pode negar ninguén. Por tanto a súa observación a esta acta é que naquel Pleno, efectivamente á presidenta da mesa de idade dixo que a ela, persoalmente, lle entregaron eses documentos, en base aos que suspendeu o Pleno da moción de censura, e que llos entregaron os representantes do PDDdeG na man, e o alcalde mandouna calar. Esa é a realidade.

A secretaria municipal dille ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que se reitera esta manifestación, recolleraa como dilixencia ou manifestación súa á acta.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que di, en base ás manifestacións da secretaria municipal asesorando ao Pleno, que esta acta, hoxe, non se pode aprobar e tense que retirar, xa que estas mesmas observacións fixéronse no anterior Pleno no que se trouxo a acta para aprobar e o hoxe non constan no borrador.

A continuación o alcalde dálle a palabra a secretaria municipal que pide concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que se o seu grupo quere facer unha observación de que se dixo unha cousa que non se recolle na acta, que lle diga exactamente o que quere dicir, que llo reitere cara a evitar problemas, e o recollerá como dilixencia nesa acta.

De seguido intervén o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que respecto da acta do 26.10.2017, que considera que se cometeu un delito por parte da presidenta da mesa de idade.

A continuación a secretaria municipal indícalle ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que o recollerá como unha manifestación á acta, xa que non é unha rectificación.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que respecto da acta do 02.11.2017, houbo concelleiros do seu grupo municipal que claramente escoitaron, cando se lle preguntou, á quen foi presidenta da mesa de idade do Pleno do 26.10.2017, quen lle entregou uns documentos en base aos que ordenou suspender a realización dese Pleno, e contestou claramente que llos deran a ela na man, por tanto entenderon que foi o partido Participación Democrática de Galicia quen lle entregou os documentos en base aos que suspendeu o Pleno. Iso o escoitaron todos, cando dixo: "mos deron a min na man". As reticencias do seu grupo respecto desta acta é que, se eses documentos entraron no rexistro por correo electrónico, quen llos deu a ela na man?. Cando lle pediron explicacións por esa matización o alcalde mandouna calar.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que di respecto da acta do 26.10.2017, na páxina 8, parágrafo 6, onde di: "A Sra. Bértoa interrompe a intervención da Sr. Aguilar para dicir que antes teñen que falar, mentres esta manifesta que ten a palabra e o voto de calidade, e que lle ofreceu falar antes do pleno. A Sra. Bértoa di que a Mesa de idade ten que decidir e que teñen que falar. (.../...)", é dicir, que ela foi a quen lle ofreceu falar antes do Pleno á concelleira María Manuela Aguilar Prieto e que ela non lle dixo iso.

A continuación o alcalde dálle a palabra a secretaria municipal que dille á concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que lle parece innecesario, estando presente a concelleira María Manuela Aguilar Prieto, que se o confirma o erro pódese salvar agora mesmo. Non obstante, logo da lectura do parágrafo, entende que a manifestación é súa pero se o desexa pódese redactar doutro xeito.

A continuación intervén o alcalde que quere facer unha manifestación ao manifestado polo voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, pois está seguro de que el non mandou calar a ninguén.

A secretaria municipal fai uso da palabra para modificar o parágrafo que observou a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, dicindo que quedaría como segue: "A Sra. Bértoa interrompe a intervención da Sr. Aguilar para dicir que antes teñen que falar, mentres esta manifesta que ten a palabra e o voto de calidade. A Sra. Bértoa prosegue dicindo que lle ofreceu falar antes do pleno e que a Mesa de idade ten que decidir e que teñen que falar. (.../...)".

A concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, di que esta de acordo.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que Deus lles libre de que aparezan outras gravacións dese día, no que se escoite o que os fedatarios públicos din que non se escoita. Mantén a petición da moción e solicita que se vote. Mantén que as interpretacións que se fixeron non corresponden, nin de lonxe, coa literalidade do ROM e que non existe contradición entre o ROM e o ROF para o debate e aprobación das actas, no que respecta ao citado artigo 32 do ROM. Solicita que quede constancia literal de que advirte que probablemente se este incumprindo a legalidade, aos efectos que sexan oportunos. Remata a súa intervención pedindo, unha vez máis, que se aplique o artigo 32 do ROM e que se solicite un informe por escrito do que aquí informou a secretaria municipal.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que se toma nota, que se seguirá co asunto e procederá a votar, por separado, as observacións feitas ás actas do 26.10.2017 e 02.11.2017, observacións que fixo constar o partido Popular.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PP, José Andrés Serantes Panceiras, que pregunta se non se van votar as actas? Caso contrario, estarían saltándose o punto da orde do día.

Contéstalle o alcalde que non e que só se votan as rectificacións, segundo o explicado pola secretaria municipal.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o seu partido non vai votar nin a favor, nin en contra, nin se vai abster, non votará absolutamente nada ao entender que o procedemento que levou este debate é absolutamente ilegal.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que o seu grupo respalda a moción que presentou nun primeiro momento o voceiro do grupo municipal Socialista, xa presentaron as observacións e, do mesmo xeito que non se votan as actas, tampouco van votar isto.

A continuación intervén o alcalde que di que a Lei di que hai que votalas.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que o seu grupo súmase á petición do grupo Socialista. Hai un feito que é irrefutable, que é que de todo o audio, a parte máis importante daquel Pleno, curiosamente non se oe.

Sometido a votación as observacións feitas polo grupo municipal do PP ás actas do 26.10.2017 e 02.11.2017 non son aprobadas ao obter 5 votos en contra (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal), non manifestando o seu voto 12 concelleiros/as (7 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene).

A continuación o alcalde pregunta se hai algunha outra observación respecto das demais actas.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que respecto das demais actas incluídas no mesmo punto da orde do día o seu grupo quere denunciar a ilegalidade do proceder que está a ocorrer agora neste Pleno e por tanto quere que se recolla literalmente as súas manifestacións. No seu momento o seu grupo fará valer os seus dereitos onde estime convinte e, o que hoxe se fixo aquí, non supón máis que variar o procedemento legalmente establecido que se viña observando neste Concello, cando menos dende que el é concelleiro. Para o seu grupo estase cometendo unha auténtica irregularidade e volve repetir que como non se desglosaron as distintas actas, nin se aceptou a moción do grupo Socialista, o seu grupo non vai votar absolutamente nada.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o criterio que valeu para facer a votación vale para os seguintes deste punto e pensa que se esta contravindo a legalidade, e por tanto, o seu grupo négase a participar en todo o punto. Mantén a mesma posición e non emitirá ningún tipo de voto.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que o seu grupo segue na mesma.

En conclusión, á vista do disposto no artigo 91 ROF, ao non haber observacións, quedan aprobadas as actas do 26.10.2017, do 02.11.2017, do 07.12.2017 e do 19.12.2017.

2. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende o núm. 85/2018 ao núm. 222/2018

Os concelleiros danse por informados.

3. Dación de conta do informe de intervención sobre as obrigas de subministro de información previstas no artigo 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, correspondente ao 4º trimestre do 2017

A continuación intervén o alcalde que di que, segundo se dixo na Comisión, o período medio de pagamento do Concello no 4º trimestre do 2017 resultante dos cálculos feitos segundo o Real decreto foi de 24,46 días, polo que non se superou o prazo dos 30 días.

Os concelleiros danse por informados.

4. Dación de conta do período medio de pagamento global aos provedores e do informe sobre o cumprimento das previsións das medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente ao 4º trimestre de 2017

A continuación intervén o alcalde que di que, neste caso, igual que no anterior cómprese co período medio de pagamento que quedou en 58,14 días.

Os concelleiros danse por informados.

5. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de nomeamento dun representante municipal na Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia do 23.02.2018 por 4 votos a favor (3 do grupo municipal do Partido Popular e 1 do grupo municipal Socialista) e 3 abstencións (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal):

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Concello Pleno aprobou na súa sesión ordinaria do 05.10.2017 a Moción conxunta da incorporación do Concello de Fene á Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás e apoiar o seu manifesto.

O devandito acordo incluía no seu punto B:

“B. Nomear a un membro da Corporación municipal como representante do Concello de Fene na Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás”

É polo que, propóñolle ao Pleno que adopte o seguinte acordo:

1. Nomear como representante do Concello de Fene na Xunta pro Devolución do Pazo de Meiras á concelleira do grupo municipal Socialista, Amalia García Balado.
2. Comunicarlle este acordo á Xunta Pro Devolución do Pazo de Meirás.

Fene, 13 de febreiro de 2018
O alcalde
Juventino Jose Trigo Rey”

Abre o debate o concelleiro de Urbanismo, Cultura e Deportes, Justo Martínez Ardá, que di que se trata dunha proposta, consensuada con todos os grupos municipais, para o nomeamento da concelleira do grupo municipal Socialista, Amalia García Balado como representante na Xunta pro Devolución do Pazo de Meiras.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que o seu grupo neste tema abstívose, pero logo dos acontecementos e do que saíu nos xornais pensa que o Concello debe estar aí, e parécelle axeitado o nomeamento desta concelleira.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que di que o seu grupo apoiará a proposta do seu grupo para designar a representación da concelleira Amalia García Balado.

Seguidamente fai uso da palabra voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que di que tamén o apoiará a proposta.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que o seu grupo vaise manter na postura da primeira proposta, que lle parece, con independencia de quen sexa, ía vinculada ao concelleiro ou concelleira de Cultura e polo tanto non apoiará esta proposta.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro de Urbanismo, Cultura e Deportes, Justo Martínez Ardá, que explica o sentido do seu voto, que será a abstención, xa que hai catro meses falouse de nomear a unha persoa para que actuase de representante na Xunta pro Devolución do Pazo de Meiras, daquela falouse cos partidos da oposición para que presentasen unha proposta e, logo de ver que non presentaron ningunha proposta, hai dous meses na Comisión indicoulles que se non presentaban ningunha proposta o goberno presentaría a súa, propoñendo ao concelleiro de Cultura, quen estivese en cada momento no cargo. Foi no último momento na Comisión cando a oposición presentou a correspondente persoa para o seu nomeamento cando se puido chegar a un acordo perfectamente, o que xa o dixo no seu momento. Isto non lle parece o xeito de traballar e por todo isto, o seu grupo vaise abster.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que xa que as explicacións do concelleiro de Cultura son parciais. Quere intervir para explicar a proposta do partido Socialista. O seu partido propón que a persoa designada represente á Corporación e non ao goberno, entendendo que esa é a representación que hai que ter. En todos os debates e todas as veces que se tratou este tema sempre dixo que no momento que se tratase, na Comisión ou no Pleno, o seu grupo faría a súa proposta e evidentemente, son quen de poder dicir cando a fan. O lugar que ten a oposición para facer propostas son as comisións e o pleno, non nos corredores, aínda que entende que a algúns lles guste máis nos corredores, nos despachos ou nas mesas camillas, pero ao seu grupo gústalle máis as luces e os taquígrafos, prefire facer as súas propostas nas comisións, onde se toma acta, aínda que logo deste Pleno o das actas igual serve ou non. Por tanto, pídelles ao concelleiro de Urbanismo, Cultura e Deportes que a vindeira vez sexa máis fiel á verdade. Pode entender que lle guste máis ou menos o seu xeito de traballar pero pídelles que non falte á verdade. O partido Socialista, en todos os foros nos que se debateu dixo que presentaría unha proposta.

A continuación intervén o alcalde que pídelles aos concelleiros que cando se fale, como se acaba de falar agora no senso de poñer en dúbida as actas que se fan neste Concello por parte dos funcionarios encargados, se teña un pouco máis de coidado de que é o que se di e como se di. Pídelles un pouco de respecto e un pouco máis de coidade. Pídelles un pouco de responsabilidade á hora de facer estas declaracións.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro de Urbanismo, Cultura e Deportes, Justo Martínez Ardá, que lle contesta ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que o non faltou á verdade. Dille que nas comisións ás que acudiu el, dende que se dixo que había que nomear a unha persoa, o partido Socialista non nomeou a ningunha persoa nin dixo que ía nomear a un concelleiro do seu partido. Puido dicilo noutros debates ou noutros foros, pero a el non lle dixo nada ao respecto. Foi no momento no que se presentou esta moción cando o fixo, o que lle parece correcto, pero poderíase ter chegado a un acordo se se presentase antes, así hai un rexistro de entrada no que se pode presentar a proposta desta concelleira. Lembra que houbo varias comisións para poder chegar a un acordo, pero presentan sempre as propostas facendo traballar aos funcionarios ao facer unha proposta, modificándoa e cambiándoa.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o seu grupo non está para molestar a ninguén. Aquí están para traballar segundo a normativa que hai e, segundo esta, o partido Socialista pode presentar as propostas onde lle pareza, nos sitios legais que son todos perfectamente lexítimos. Por tanto aquí, non lle é doado traballar a ninguén, aquí trabállase utilizando a normativa que ten o Concello, leve o traballo que leve unha cousa ou outra, tamén o goberno equivócase metade das veces e logo hai que modificar, cousa que tamén leva traballo. Non veu aquí a cuestionar se se lle dá traballo a xente por culpa diso, pois errar erran todos, pero neste caso fixeron as cousas como establecen os regulamentos municipais. Pídelle que coide as súas palabras, xa que non é bo que un representante público estea cuestionando os procedementos legais.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 12 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene), 1 voto en contra do grupo Mixto municipal e 4 abstencións do grupo municipal do BNG.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Nomear como representante do Concello de Fene na Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás á concelleira do grupo municipal Socialista, Amalia García Balado.

2. Comunicarlle este acordo á Xunta Pro Devolución do Pazo de Meirás.

6. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, do Manifesto do 8 de marzo de 2018, Día Internacional da muller 2018

O alcalde xustifica a súa urxencia para que o Manifesto se poida aprobar antes do día 8 de marzo.

Logo de ratificar a súa inclusión na orde do día, coa unanimidade dos concelleiros presentes, a concelleira de Benestar Social dá lectura ao seguinte Manifesto:

“MANIFESTO DO 8 DE MARZO 2018

Queremos centrar o manifesto deste 8 de marzo no apoio á Folga Feminista convocada.

A folga feminista do 8 de marzo pretende ser unha chamada de atención, dende o ámbito local máis próximo ao internacional, sobre a desigualdade e invisibilidade que historicamente sofren as mulleres, co obxectivo de esixir a mellora das súas condicións sociais e laborais para combater as discriminacións laborais agravadas polas medidas aplicadas baixo a coartada da crise económica.

A fenda salarial en Galiza é do 23%, pois mentres o salario medio anual dos homes estímase en 20.243 euros o das mulleres só chega aos 15.730 euros, ao que hai que engadir que os contratos a tempo parcial, temporal e discontinuo son maioritariamente femininos, o que repercute na baixa cotización, soldo, prestación do paro e das pensións. En Fene hai 468 mulleres rexistradas no paro e 406 homes, segundo os últimos datos da Xunta, o que representa unha porcentaxe maior de desemprego por razón de sexo. Máis aínda, no laboral as mulleres galegas sofren a inexistencia dun marco de relacións laborais galego que axude a negociar melloras para os traballos feminizados do noso país, como a conserva, ademais de sufrir as consecuencias das reformas laborais do goberno central, lesivas para a clase obreira, e a desatención de Xunta e Estado ao fomento de políticas

activas contra a discriminación laboral sobre as mulleres. Por outra banda, ao tempo que cobran menos de media e sofren máis precariedade, no ámbito do consumo foméntase que as mulleres teñan que adquirir produtos máis caros que aplican a denominada "taxa rosa" cando están dirixidos ao mercado feminino, ademais de gravar os produtos básicos de hixiene cun 21% de IVE.

Por causa do sistema patriarcal e da realidade socioeconómica, as mulleres sofren máis atrancos na conciliación da vida familiar e laboral, para o que se fai necesario mudar ideas, comportamentos e mesmo leis para poder garantir a igualdade de dereitos e de oportunidades. Tampouco se recoñecen as tarefas domésticas e de coidado familiar, por iso esta convocatoria tamén pretende chamar a atención sobre os coidados e as tarefas. Durante a crise, esta situación agravouse e o deterioro dos servizos públicos agrava unha desigualdade que, superado o ciclo económico da recesión, busca consolidarse. Desta forma, os datos demostran que son maioritariamente as mulleres as que optan por xornadas parciais ou excedencias para coidar crianzas e maiores, moi por riba da poboación masculina. No caso das excedencias, por exemplo, no 2017 foron solicitadas por mulleres 1.078 fronte a 132 pedidas por parte de homes.

Non pode haber unha sociedade verdadeiramente democrática si non somos capaces de eliminar os comportamentos e actitudes machistas que atentan contra máis da metade da poboación. O machismo, froito do patriarcado máis rancio e máis prexudicial para as mulleres esténdese en todos os ámbitos, desde o familiar, social e laboral ata a máis cruel das manifestacións como é a violencia de xénero que se exerce cara ás mulleres.

A convocatoria do 8 de marzo aspira a ser transversal para mudar, dende o cotiá, o sistema articulado baixo as ordes do patriarcado, do capitalismo, do racismo, da emigración e da depredación ambiental. Por estes motivos, esta folga pretende incidir no ámbito laboral, de coidados, estudantil e de consumo.

Por iso, o Pleno do Concello de Fene, adopta o seguinte

ACORDO

1. O Concello apoiará a convocatoria desta folga de mulleres prevista para o 8 de marzo de 2018 no marco dunha xornada internacional de paros e mobilizacións para reivindicar a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencias.
2. O Concello realizará un chamado a participar nas mobilizacións convocadas polo movemento feminista galego e a secundar a manifestación nacional unitaria.
3. O concello adquire o compromiso de articular os mecanismos necesarios para que nun prazo de 6 meses a partir da data de hoxe se teña realizado un estudo/informe sobre a situación laboral e salarial dos traballadores e traballadoras do Concello, no que se recollan ademais as medidas adoptadas en materia de igualdade laboral ou as que se teñan que establecer no seu caso, ao obxecto de erradicar as posibles discriminacións nesta materia.
4. O concello se compromete a organizar e desenvolver as accións precisas para que nun prazo de 3 meses se presente diante do pleno unha memoria do estado de implementación do 3º Plan de Igualdade en vigor ata este momento.
5. O Pleno do Concello solicita aos Grupos Parlamentarios representados no Congreso dos Deputados a presentación e aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral, así como dar traslado deste acordo aos Grupos Parlamentarios no Congreso dos Deputados.

Fene, 25 de febreiro de 2018.

SANDRA PERMUY MEIZOSO
BNG
XOAN M. RODRIGUEZ BASTIDA
S.F.

JOAQUÍN AYALA GARRIDO
PSOE
M^a CARMEN MARTÍNEZ RODRÍGUEZ
G.M."

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que o seu grupo non subscribe este Manifesto porque non está conforme con

determinadas cuestións que constan nel, aínda que pode compartir outras que si constan. Por tanto o seu voto será a abstención.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal Socialista, Joaquín Julián Ayala Garrido, que di que o seu grupo comparte absolutamente todo o manifesto e os seus acordos. Quere subliñar que se verdadeiramente se quere un Estado democrático non se pode deixar aproximadamente, a metade da poboación que é o que representan as mulleres fóra desta democracia, pois senón son quen de facer unha Lei que vele pola igualdade moral, as mulleres seguirán sendo discriminadas, seguirá habendo brecha salarial e discriminación.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que o seu grupo apoia o manifesto, aínda que ten un pequeno fallo, xa que dá por suposto que dá por superado o ciclo económica da crise. Sobre isto ten serias dúbidas de que este ciclo económico se superase.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que di que o seu grupo apoiará o Manifesto.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor (4 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista, 2 do grupo municipal Somos Fene e 1 do grupo Mixto municipal) e 7 abstencións do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

- 1. O Concello apoiará a convocatoria desta folga de mulleres prevista para o 8 de marzo de 2018 no marco dunha xornada internacional de paros e mobilizacións para reivindicar a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencias.**
- 2. O Concello realizará un chamado a participar nas mobilizacións convocadas polo movemento feminista galego e a secundar a manifestación nacional unitaria.**
- 3. O concello adquire o compromiso de articular os mecanismos necesarios para que nun prazo de 6 meses a partir da data de hoxe se teña realizado un estudo/informe sobre a situación laboral e salarial dos traballadores e traballadoras do Concello, no que se recollan ademais as medidas adoptadas en materia de igualdade laboral ou as que se teñan que establecer no seu caso, ao obxecto de erradicar as posibles discriminacións nesta materia.**
- 4. O concello se compromete a organizar e desenvolver as accións precisas para que nun prazo de 3 meses se presente diante do pleno unha memoria do estado de implementación do 3º Plan de Igualdade en vigor ata este momento.**
- 5. O Pleno do Concello solicita aos Grupos Parlamentarios representados no Congreso dos Deputados a presentación e aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral, así como dar traslado deste acordo aos Grupos Parlamentarios no Congreso dos Deputados.**

7. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal do PP en relación ao 8 de marzo, Día Internacional da Muller

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia do 23.02.2018 por 3 votos a favor do grupo municipal Popular e 4 abstencións (2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal):

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE FENE, EN RELACIÓN AO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O Grupo Municipal no Concello de, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos piares fundamentais na construción das políticas de igualdade é a necesidade de garantir o acceso, a permanencia e a promoción no emprego en iguais condicións de oportunidades, así como garantir a elección libre de proxecto de familia e a compatibilidade co desenvolvemento profesional.

A conciliación, tradicionalmente, foi entendida como un ámbito a resolver polas mulleres, tamén moitas e, aínda na actualidade, víronse na tesitura de escoller entre a súa vida profesional e a familiar.

Hoxe en día, a conciliación e a xestión de traballos e de tempos é un problema que debe ser solto tanto polos homes coma polas mulleres e, debe ser facilitado e impulsado polas distintas administracións. A tal fin, a Xunta de Galicia ven de convocar, unha liña de axudas para as entidades locais de Galicia, cuxo obxectivo enmárcase no compromiso formal e prioritario da Unión Europea dende a entrada en vigor do tratado de Ámsterdam, onde se recolle como un eixo fundamental e irrenunciable, a consideración da igualdade entre homes e mulleres como un obxectivo horizontal chamado a integrar a totalidade das políticas da Comunidade, o que significa a aplicación do principio de igualdade de trato nos diferentes ámbitos; isto é: a loita contra a discriminación por razón de sexo no acceso ao emprego, a progresión na carreira profesional, a conciliación da vida laboral e a vida privada, e a promoción de igual remuneración por igual traballo, así como a loita contra todas as formas de discriminación e a promoción da igualdade de oportunidades.

Na Estratexia europea 2020, por un crecemento intelixente sustentable e integrador, tamén se destaca a necesidade de desenvolver políticas que promovan a igualdade entre sexos co fin de incrementar a participación da poboación laboral, contribuíndo así ao crecemento e cohesión social. Así pois, a liña de axudas da Xunta de Galicia ás Entidades Locais, ten por obxecto facilitar a implantación de programas e medidas de igualdade no ámbito local, como son os programas de fomento da conciliación dos seus tempos persoais, laborais e familiares; así como os Bancos de tempo, coa finalidade de facilitarlles ás persoas un sistema articulado de intercambio destinado a subministrar servizos e/oucoñecementos, entre mulleres e homes dun contorno dado, cuxa medida é a hora de tempo.

Falamos tamén, nun chanzo máis, de corresponsabilidade, entendendo esta como a participación alicuota dos distintos membros das unidades de convivencia nos traballos domésticos e de coidado.

Por outro lado, é de vital importancia traballar na sensibilización social en relación coas vantaxes dunha organización social corresponsable e das medidas para a harmonización da vida privada e laboral, así como na paternidade responsable, exemplificado no uso de medidas e permisos de conciliación por parte dos homes, que deben ser promovidos e fomentados.

Resulta imprescindible e necesario, que o asociacionismo feminino e a administración vaian da man do traballo en prol da igualdade, e para iso deben establecerse medidas que aseguren a súa pervivencia e sustentabilidade económica e xeracional, e que faciliten a súa súa importantes actividades, que reverten non só nas súas asociadas senón en toda a sociedade. Neste senso, é necesario tamén destacar o papel de cohesión e sonoridade destas asociacións, que constrúen e articulan auténticas redes de colaboración que reforzan en dan continuidade ao traballo colectivo en prol da igualdade.

1 Instarao Concello de Fene a:

- a) Profundizar na transformación dos valores que reproducen a desigualdade de xénero, a través de campañas e accións de sensibilización e información o conxunto da cidadanía sobre as vantaxes sociais da conciliación responsable.
- b) Poñer en valor e dar visibilización a contribución feminina neste concello, a través da posta en marcha dun programa anual de recoñecemento ao labor, traballo e talento das mulleres que contribuíron o desenrolo cultural, económico e social de Fene.

- c) Promover unha comunicación libre de mensaxes e imaxes que reproduzcan estereotipos de xénero e potenciar a transmisión de contidos que fomenten a corresponsabilidade, coa implicación dos diferentes axentes.
- d) Consolidar un sistema de apoios á conciliación dirixidos á atención á infancia, ao coidado das persoas maiores, persoas con discapacidade e/ou situación de dependencia en colaboración coa Xunta de Galicia.

2 Así memo, instara o concello de Fene a dirixirse á Xunta de Galicia e instala a:

- a) Continuar e mellorar as liñas de axuda para as Entidades Locais en colaboración ca Federación Galega de Municipios e Provincias, co obxectivo de mellorar os recursos a disposición da cidadanía en prol da Igualdade de Xénero.
- b) Seguir na procura do fortalecemento do tecido asociativo feminino en xeral e, moi particularmente no ámbito rural, a través de liñas de axudas e programas.
- c) Realizar campañas de divulgación e visibilización da contribución das mulleres galegas nos ámbitos da cultura, a ciencia, o deporte, así como noutras especialidades, como referentes necesarios para a sociedade en xeral e a mocidade en particular.”

Abre o debate a concelleira do grupo municipal do PP, Juana Barro Couto, que da lectura da Moción e solicita o seu apoio.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal Socialista, Joaquín Julián Ayala Garrido, que anuncia a abstención do seu grupo, sen estar en desacordo coa exposición de motivos nin cos acordos pero é certo que se quedaron curtos, non foron ambiciosos xa que non falan para nada da desigualdade que existe entre homes e mulleres. Parécelle vital e se tivesen aportado algo ao respecto terían apoiado a súa moción.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que acepta o espírito da Moción pero non comparte a posición de non apoiar a folga. Entende que todos os traballadores e axentes sociais teñen dereito a facer folga cando crean.

A continuación fai uso da palabra o voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que pensa que nesta Moción hai cousas moi importantes das que non se fala como poden ser os recortes orzamentarios daqueles sectores máis importantes, como é o servizo de saúde, dos servizos sociais e da educación, como pode ser o patriarcado que non considera as mulleres como iguais, como pode ser os graves recortes que se están a sufrir, a violencia machista que ela quere que a reivindicación “nin unha menos” sexa unha realidade e non unha soa frase que se escoita de cando en vez. Non se fala da discriminación salarial entre homes e mulleres, é dicir, bota en falla moitas cousas que considera importantes e das que se debería falar. En todo caso, vaise abster pois tamén hai cousas que comparte.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permy Meizoso, que di que o seu grupo se absterá. Considera que esta Moción é unha cortina de fume para intentar desviar a atención dun tema tan importante como o que hoxe lles ocupa. Cando o presidente do partido Popular de Galicia di sobre a desigualdade de homes e mulleres que é mellor non meterse no tema e que agora non toca, que se pode esperar do partido Popular?. O BNG esta en contra das medidas paternalistas do PP e das súas políticas que perpetúan as desigualdades. O 8 de marzo as mulleres berrarán que se cren feministas, combativas, rebeldes, libres e vivas.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que di que quere puntualizar, respecto da folga, que o seu partido non está en contra de que ninguén a faga, insiste en que é un dereito e o seu partido é o primeiro en respectar os dereitos de todos e todas. Non comparten o espírito da folga porque é convocada cunha intencionalidade política, é unha folga que só se entende co tipo de feminismo, o das persoas que a convocan, pero todo o feminismo que se alonxe un pouquiño dese sentir vese como malo e non se acepta. Dille aos voceiros dos grupos políticos que acaban de intervir que bota de menos que se diga que é unha mágoa que se volva traer esta moción aquí, porque realmente pasa o tempo. Esta folga xa foi convocada o ano pasado pola mesma plataforma e non tivo ningún seguimento político nin sindical e só se apoiou cun paro de quince minutos.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 7 votos a favor do grupo municipal do PP e 10 abstencións (4 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista, 2 do grupo municipal Somos Fene e 1 do grupo Mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1 Instar ao Concello de Fene a:

- a) **Profundar na transformación dos valores que reproducen a desigualdade de xénero, a través de campañas e accións de sensibilización e información o conxunto da cidadanía sobre as vantaxes sociais da conciliación responsable.**
- b) **Poñer en valor e dar visibilización a contribución feminina neste concello, a través da posta en marcha dun programa anual de recoñecemento á labor, traballo e talento das mulleres que contribuíron ao desenvolvemento cultural, económico e social de Fene.**
- c) **Promover unha comunicación libre de mensaxes e imaxes que reproduzan estereotipos de xénero e potenciar a transmisión de contidos que fomenten a corresponsabilidade, coa implicación dos diferentes axentes.**
- d) **Consolidar un sistema de apoios á conciliación dirixidos á atención á infancia, ao coidado das persoas maiores, persoas con discapacidade e/ou situación de dependencia en colaboración coa Xunta de Galicia.**

2 Así mesmo, instar ao Concello de Fene a dirixirse á Xunta de Galicia e instala a:

- a) **Continuar e mellorar as liñas de axuda para as Entidades Locais en colaboración ca Federación Galega de Municipios e Provincias, co obxectivo de mellorar os recursos a disposición da cidadanía en prol da Igualdade de Xénero.**
- b) **Seguir na procura do fortalecemento do tecido asociativo feminino en xeral e, moi particularmente no ámbito rural, a través de liñas de axudas e programas.**
- c) **Realizar campañas de divulgación e visibilización da contribución das mulleres galegas nos ámbitos da cultura, a ciencia, o deporte, así como noutras especialidades, como referentes necesarios para a sociedade en xeral e a mocidade en particular.**

8. Mocións urxentes

O alcalde di que non se presentou ningunha moción en prazo para o día de hoxe.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o seu grupo presentou catro mocións onte pola mañá.

Contéstalle o alcalde que non presentaron catro, senón cinco mocións e a súa presentación foi fóra de prazo, segundo o regulamento municipal no que unha e outra vez insistiu tanto na primeira parte deste Pleno, polo tanto estas mocións serán debatidas nas vindeiras comisións previas ao vindeiro Pleno.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que lle di ao alcalde que o Regulamento di literalmente que as mocións urxentes se poden presentar ata as 13.00 h do día anterior a aquel no que se celebre a sesión plenaria, agás causas de forza maior, no que se admitiría a súa presentación ao inicio do Pleno. Lémbrale ao alcalde que a Lei permite a presentación telemática e que onte o rexistro telemático do Concello estivo case toda a mañá sen funcionar e o rexistro telemático común igual, de feito as mocións entraron ao quinto intento. Por tanto entende que se hai unha causa de forza maior para que non entrasen en prazo, pois o dereito a presentalas é ata as 13.00 h e non ata que caia o rexistro telemático. Como ademais os fallos do rexistro telemático son absolutamente evidentes nesta administración e en todas as demais e, o rexistro telemático común é unha plataforma absolutamente inestable, entende que entrarían dentro desas causas de forza maior polas cales o Regulamento permiten que se incorporen ao Pleno.

Contéstalle o alcalde, que, como ben dixo, presentáronse logo das 13.00 h e non considera que haxa ningunha causa de forza maior, pois ben se puideron presentar as 10.00 h ou o día anterior. As mocións debateranse nas comisións correspondentes e cumprirá o Regulamento.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que lle ao alcalde que non hai ningún problema. Espera que cumpra o regulamento tan rigorosamente como o ten aplicado agora, porque noutros casos nótase ben pouco.

9. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Hai varios Plenos informouse que se estaba confeccionando un Plan de rebacheos. Pasan os meses e as pistas seguen igual, por iso pregunta: existe o Plan?, hai unha relación de camiños?, vaise dar copia dese plan?, é dicir, se hai algo ao respecto?.

Contéstalle a concelleira de Obras, Alejandra Permuy Meizoso, que di que é certo que hai unha lista de camiños e contéplase este de acceso á galescola de Barallobre que se fará cando mellore un pouco o tempo.

- No Pleno pasado preguntaron que se estaba a facer ou que se ía facer coa obra mal executada da rúa Travesa e rúa Alta. O concelleiro dixo que estaba con iso pero quere saber foi adiante e que solución ten?.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que xa informou que a obra da rúa Travesa foi revisada polo enxeñeiro municipal e os responsables da empresa e detectáronse erros. Isto ocorreu en xaneiro e debido as chuvias non se puido facer a reparación, así en canto veña o bo tempo para poder facer os arranxos, faranse. Respecto da rúa Ameneiral, como dixo na Comisión, a autorización da Deputación caducou e solicitouse unha nova autorización que, tan axiña como a emitan, farase.

Contéstalle o alcalde que o proxecto que inclúe a rúa Ameneiral é máis amplo que a propia rúa, inclúe actuacións en Magalofes e Limodre. Foi cousa do famoso prazo de tres meses que agora xa non constan nas autorizacións.

- Díxoselles en moitas ocasións, e sabe que está admitido no Plan complementario, pero é de vergoña allea ver como está a rúa Ameneiral, xa que leva tres anos así e pensa que a paciencia dos veciños ten un límite, xa que aquilo está impracticable.

- Veu que entrou no Rexistro unha reclamación dunha veciña por danos derivada dunha competición de motocross que houbo a fin de semana anterior ou hai quince días. Di que veu algunha sinalización nalgunha pista de terra con saída a pistas municipais pola zona de Sillobre, pero non sabe se deu conta na Comisión de Cultura sobre esta proba ou sobre quen a autorizou. Quere saber en que consiste a reclamación da veciña.

Contéstalle o alcalde que trátase dunhas veciñas de Sillobre, de enriba do Beelle. Hai uns días houbo unha competición, pediron unha serie de permisos a varios Concellos e o compromiso de Fene non o tiveron naquel momento, porque afectaba a máis vías que eran da Deputación ou da Xunta, polo que se lles requiriu para que presentasen documentación. O que ocorreu é que entraron por un camiño privado, unha serventía de varios propietarios e danaron o camiño de acceso ás súas fincas.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, pregúntalle ao alcalde se non tiveron permiso?. É consciente de que se usaron máis camiños do Concello?.

Contéstalle o alcalde que si, que ese mesmo día a Policía estivo no sitio no que se fixo a proba e fixeron fotografías. Unha vez que falou con estes veciños, pediulles que fixeran a reclamación e a presentasen no rexistro para que quedase constancia. Acordaron que ían falar cos responsables da proba que se comprometeron a arranxarlles o camiño. O venres volveu falar cos veciños e ese mesmo día pola tarde foi unha pala arranxarlles o camiño e díxeronlle, que se había algún problema, luns ou martes, volverían chamalo e non ocorreu, polo que, en principio, dá como resolto o problema.

- Xa van cinco ou seis meses que lle preguntaron sobre a ruptura da bionda da entrada do polígono industrial de Vilar do Colo. El díxolles que se había problemas coa compañía de seguros que fose o

Concello quen cubrise a reparación para logo reclamarlo á compañía de seguros. Non volveron saber nada disto nin se arranxou e xa vai para seis meses.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que evidentemente, se a bionda non é súa, non sabe como se vai facer unha reparación e logo reclamarlle ao seguro algo que non é seu. Xa dixo que esa zona non é propiedade de Fene, en base ao dito polo técnico municipal.

- Hai un tema que considera moi grave que xa se tocou varias veces neste Pleno. Cando gobernaba o partido Popular houbo unha proposta da Xunta de Galicia para adquirir o edificio da Cámara Agraria, había unha taxación, logo o Concello presentou outra que non foi aceptada e a Xunta de Galicia admitiu que se adquirise o edificio nun prazo de 10 anos, a razón de 7200 euros ao ano. Dille ao alcalde que el se opuxo a que se mercase porque tiña a pretensión de xestionar a súa compra de balde, pero el díxolle que non ía ser viable porque os cartos das vendas das Cámaras Agrarias íanse destinar para fondos dos sindicatos agrarios, polo que a Xunta non vai poder acceder a súa petición, xa que os sindicatos quererán os cartos. Por iso pensaba que a na posibilidade de que a Xunta de Galicia realizase unha poxa pública para a súa venda e, xa hai o exemplo de Mugardos, que antonte saíu o anuncio de licitación da súa Cámara Agraria. Por iso di que a ameaza que había era certa e preguntalle ao alcalde, fíxose algo?. Calquera día lle toca a Fene e logo o alcalde dirá que foi a traizón e non é tal, pois avisado esta.

Contéstalle o alcalde que hai ano e medio, aproximadamente, falou con algún responsable da Xunta de Galicia que lle dixo que de momento o tiñan parado e que cando se tomase algunha decisión lle informarían ao respecto para ver que ía facer. No tempo que leva no goberno non se recibiu ningunha notificación máis ao respecto. Non obstante, respecto do anuncio de Mugardos sabe que saíu algo pero non o viu.

- No Plan de rebacheos supón que se contemplará o acceso á escola infantil de Barallobre, xa que aquilo está impracticable. Rógalle que tome en consideración comezar as reparacións por ese camiño, xa que é moi transitado.

- Esta semana pasada, a petición dos grupos municipais, convocou a Comisión para a investigación do que sucedeu coa chatarra neste Concello. Pese ao que lle pediron os grupos para que levase toda a documentación non se achegou ningunha. Por iso non se puido pechar nin tomar ningunha consideración ao respecto. Non obstante preguntalle ao alcalde, se de verdade creu cando estaban na Comisión, que a oposición se ía crer que vostede presentou un recurso de apelación contra o arquivo das dilixencias pola chatarra contra o Auto de sobreseimento?. É consciente de que lle encargou a un avogado e a un procurador persoarse no procedemento e que na Comisión dixo que descoñecía a Resolución do arquivo da causa cando a apelou?, Pensa que a oposición pódese crer isto?, tómalles o pelo ou que pretende facer?. Dille que foi el quen deu todas esas instrucións e non pode dicir que non coñece o contido do Auto. Pensa que a súa condición como concelleiros merece que a exerzan dignamente e que o alcalde non lles tome o pelo. Coñece a Resolución?, estalles tomando o pelo?.

Contéstalle o alcalde que respecto do Auto que comentou onte, o avogado comezou a entregar documentación por rexistro. El comentoulle na Comisión que o Auto transcribe basicamente o informe do fiscal, que era o que tiña na man e o que comentou. O informe do fiscal poñía o que poñía. O luns volveu falar co avogado e non sabe se foi pola folga, pero a procuradora aínda ten toda a documentación que se lle solicitou pendente de recibir. Sabe que o PP ten a documentación pero o goberno non, porque aínda a procuradora non a ten.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, dille ao alcalde que non contesta a súa pregunta, como apela sen ter coñecemento do que está apelando?.

Contéstalle o alcalde que lle repite que o Auto transcribe o informe do fiscal.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, dille ao alcalde que o fiscal é unha parte igual que son eles.

Contéstalle o alcalde que o Auto reproduce o informe do fiscal e aínda é máis amplo.

- O alcalde saíu nos medios de comunicación dicindo que o partido Popular xudicializaba a vida municipal pero dille que o seu grupo unicamente promoveu un procedemento contencioso

administrativo para a defensa dos dereitos fundamentais, como consecuencia da arbitraria decisión da Mesa de Idade que suspendeu o Pleno do 26.10.2017. Con este procedemento pretenden que se declare a nulidade da decisión da Mesa de Idade e se continúe co Pleno. Este procedemento leva aparexada unha medida cautelarísima que non se estimou e considerouse tramitar como medida cautelar, igual que lle pasou a vostede no procedemento no que pediu a defensa do seu dereito fundamental a ser alcalde. Por iso pregúntalle ao alcalde, coñece o informe do ministerio fiscal que consta dentro do procedemento xudicial?. Quen nomeou ao avogado Pérez Lema, certamente afín ao seu partido, para que defenda os intereses do Concello de Fene neste procedemento?. É consciente de que está utilizando cartos públicos para defender os intereses do seu partido?. Por que ordenou contestar á súa demanda para logo non comparecer no xulgado para outorgar o poder que lle requiriron?, ao non ser que fixera uso da súa facultade que lle outorga o artigo 128, é dicir, a presentación en prazo cunha audiencia. Dille ao alcalde que contestou á demanda, ordenoulle ao avogado facer o traballo máis importante e logo non acude a outorgar o poder, polo que queda sen contestar a demanda. Canto vai cobrar o avogado?, canto custa o avogado?, pediu tres orzamentos para designar ese avogado?.

Contéstalle o alcalde que está claro que o PP si xudicializa a vida municipal e non o fan solos senón que axudan a xudicializala. Respecto de se houbo un documento dun avogado para contestar á demanda porque se acababa o prazo, di que si. Di que el decidiu presentalo e logo decidiu non seguir adiante con este asunto. Isto foi un acto privado del e a factura que presentou o avogado está pagada polo BNG.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, roga que se recolla esta contestación na acta.

Prosegue a contestar o alcalde dicindo que, el como alcalde, ordenou non seguir adiante con nada e o custe para o Concello desta representación foi cero euros, así en todos os procedementos xudiciais que hai ata agora, ao Concello non lle supuxo ningún custe, nin un só céntimo. A diferenza do que presentou o voceiro do grupo municipal do PP, que para querer ser alcalde pediu que o custe de todo o xuízo vaia a cargo do Concello. Di que o grupo municipal do PP son xuíz, parte e fiscal, fan de todo, son o partido Popular que existe neste país, que pon xuíces ou quita fiscais e, a un nivel tan baixo como Fene resulta que fan o mesmo, teñen o mesmo xeito de actuar cos cartos de todos os veciños e veciñas, pero iso é a súa responsabilidade. Repite que el, como alcalde, non gastou nin un só céntimo do Concello por estes asuntos.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, dille ao alcalde que consta que no procedemento xudicial que promoveu o partido Popular a factura do avogado, o señor Pérez Lema a pagou o BNG. Iso é o que consta.

Contéstalle o alcalde que si, porque foi responsabilidade súa por non seguir adiante co procedemento.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, dille ao alcalde que quen está demandado é o Concello de Fene, por iso pregúntalle como é que vai pagar o BNG unha factura do Concello de Fene?.

Contéstalle o alcalde que se mira todo o procedemento verá que finalmente non se personaron, non se ratificou o poder e polo tanto arquivaron inmediatamente o procedemento.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, dille ao alcalde que non está arquivado, o trámite para contestar está precluído, pero hai que recibir a proba e logo ditar sentenza.

Contéstalle o alcalde que non hai nada e non lle custou nada ao Concello.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, dille ao alcalde que non estará a dicir que o Concello pagou algo aos seus avogados e procuradores do grupo municipal do PP, ou pagou algo?.

Contéstalle o alcalde que non pagou nada.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, dille ao alcalde que o Concello si que tiña que pagar isto. Como vai pagar a factura do avogado do Concello o BNG?, e pídelle que llo explique.

Contéstalle o alcalde que se o procedemento fose cara adiante sería cousa do Concello pero no momento no que non se ratificou mediante o poder, como se dixo antes, o procedemento queda anulado.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, dille ao alcalde que aprobose un procedemento contencioso administrativo, onde incluso é parte o ministerio fiscal, así preguntoulle ao alcalde se coñecía o seu informe. Neste procedemento son partes o PP, o ministerio fiscal e o Concello e acáballe de dicir que como o Concello non contestou á demanda o procedemento se arquiva?. O procedemento continuará ata a sentenza e, pode ser que ao mellor as custas as teña que asumir o Concello, tanto neste como no procedemento que instou Somos Fene, como no procedemento que instou vostede, no que xa non recibiu a proba.

O alcalde pregúntalle ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, a quen lle van poñer as costas?.

Contéstalle o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que ao alcalde.

O alcalde dille que entón é cousa súa e ao Concello non lle custa nada.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, dille ao alcalde que isto non é cousa súa, xa que vostede representa ao Concello e, ten "traca" que o BNG pague aos avogados do Concello de Fene. Dille ao alcalde que isto non vai quedar así.

A concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, pregúntalle ao alcalde se recibiu algún tipo de asesoramento xurídico para non continuar con este procedemento?, advertíronlle da comisión dun delito?.

Contéstalle o alcalde que non.

- Hai bastantes anos cando gobernaba o seu grupo propúxose que o punto limpo pasase a ser xestionado pola Mancomunidade, o Concello de Cabanas do PP aprobouno, o Concello de Ares do PSOE aprobouno, o Concello de Mugar dos do BNG aprobouno e, dille ao alcalde, que en Fene el votou en contra, así o punto limpo non se puido abrir. Lémbrale que dixo que non estaba de acordo coa xestión e que se gobernase, nun prazo de seis meses, este asunto quedaría listo. Pasaron tres anos e pregúntalle, que fixo?. Non lle dá vergoña saír nos medios de comunicación, como sae hoxe, no que outros concellos lle din que o van axudar para ver se o punto limpo sae adiante?. Non lle parece de vergoña representar a un Concello ao que lle teñen que sacar os colores nos xornais?. Pregúntalle se fixo algo ou se ten pensado facer algo?, xa que a el, como concelleiro de Fene dálle vergoña que saian estas novas nos xornais.

Contéstalle o alcalde que xa lle contestou algo na Xunta de Voceiros, pensa que xa explicou que en Fene o regulamento do punto limpo está publicado na web do Concello dende 2017 para que calquera veciño puidese facer as alegacións que considerase, segundo marca a Lei. O regulamento pasouse ao Concello de Cabanas e alí segue, requiríuselle en varias ocasións para que dese o visto e praxe ou que manifestase o que quería modificar. Ata o de agora, logo de varias conversas, aínda non se notificou nada, aínda que se informou en varias ocasións o que se quería modificar pero non se concretou aínda nada. Ten razón, este goberno por lealdade institucional as veces espera ata que non se pode esperar máis. Hoxe mesmo convocouse a todos os alcaldes que están implicados, logo dunhas novas que pouco ou nada teñen que ver coa realidade e, o martes van aclarar dunha vez se nunha reunión de cinco alcaldes están todos de acordo cara a aprobar o regulamento. Entende que se trata dun xogo político pero tamén hai que comezar a pensar na responsabilidade do partido Popular que non quere que o punto limpo saia adiante. Cabanas está metendo "zancadilla tras zandadilla". Leva meses sen que se aclare cal é a proposta que fai e iso acordouse nas reunións dos cinco alcaldes. Logo de saír nos xornais, inmediatamente puxéronse de acordo, incluso o alcalde de Cabanas, para unha reunión inmediata para o martes. Hai que aclarar o que pasa xa que non ten sentido estar pendentes das aclaracións de Cabanas das que non hai constancia. Intentará que o punto limpo se poida avanzar de inmediato.

A continuación a concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, fai os seguintes rogos e preguntas:

- En relación co semáforo do cruce de Fene, que estivo bastante tempo parado, arranxouse logo de que houbo algún accidente pero, día si e día tamén, segue a estar durante varias horas sen funcionamento. Pregúntalle á concelleira de Servizos se existe algún problema? ou se a empresa que se contratou para o seu arranxo non o arranxou como debía?.

Contéstalle a concelleira de Obras, Alejandra Permuy Meizoso, que di que a primeira incidencia que tivo o semáforo durou catro días, danouse un venres, ese mesmo día mirouse pero non se puido arranxar ata o luns xa que a avaria foi problema dunha tarxeta. Pasados uns días volveu a apagarse e volveuse a pasar aviso da incidencia. Esta vez foi a causa de tanta chuva e arranxouse o mesmo día. Esta semana, antonte, volveu apagarse e a empresa veu ese mesmo día pola tarde, quedando arranxado. Esta vez volveu haber un problema coa tarxeta. É certo que o semáforo está a dar moitos problemas.

- No anterior Pleno preguntáronlle á concelleira de Persoal se o Concello lle achegou aos servizos xurídicos municipais a proposta do PP para cubrir as prazas de Policía sen necesidade de amortizar ningunha. A concelleira de Persoal contestoulle que si e quere saber como están ese traballo e se isto vai cara adiante.

Contéstalle a concelleira de Persoal, Alejandra Permuy Meizoso, que di que é certo que xa houbo conversas coa intervención e o luns está programada unha reunión co asesor.

- En relación coa Policía Local, logo de ver a lentitude para solucionar o seu cadro de persoal que, de ser posible, contaría co apoio da maioría do Pleno, pregúntalle ao alcalde que opinión ten polas opinións feitas pola súa socia de goberno respecto de mancomunar as policía locais?.

Contéstalle o alcalde que sería ben preguntarlle a ela, pero de momento non ten ningunha información ao respecto e comprenderá que sen información legal, nin do que se quere facer exactamente lle poida dar a súa opinión. Primeiro haberá que recibir a información, logo estudialo e logo poderalle dar a súa opinión. Non vai opinar do que presenten outros grupos e ata que esa iniciativa se presente no Concello de Fene non poderá opinar.

A concelleira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, pregúntalle ao voceiro do grupo municipal do PP, que declaracións son e onde saíron?.

A concelleira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, contéstalle que saíron na Voz de Galicia, que facía referencia ás Mareas e Esquerda Unida Fene, que ía facer unha proposta para mancomunar ás policía.

A concelleira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, di que iso non puido saír de EU Fene. Ao seu grupo só lle informaron de que había un proxecto. Non obstante, cando se fale coa Policía Local, co alcalde e coa concelleira de Persoal e cando se lle convoque a unha reunión, falará. Iso foi o que manifestou ela. A seguinte sorpresa foi que recibiu un cartel no que se recolle o que dixo a concelleira do grupo municipal do PP. Quere que conste na acta que ela non declarou nada aos xornais. O único que recibiu foi unha idea e díxolle á persoa que lla achegou que lla achegara ao alcalde e á concelleira de Persoal para, se houbo unha xuntanza, falar. O seguinte que recibiu foi unha convocatoria dunha rolda de prensa e sorprendeuse de ver que se citaba a EU Fene como convocante. Logo disto, á persoa que lle mandou o cartel díxolle, e solicita que conste na acta: "Bo día, acabo de ver a convocatoria da rolda de prensa e veo con estupor que consta EU Fene como convocante. Quixera saber en que momento EU se sumou a esa convocatoria, xa que ninguén contou con nós para isto. Falamos cos compañeiros e agradeceríamos que na rolda de prensa se aclarase que EU Fene non é convocante". Di que non falou cos xornais nin con ninguén dese proxecto e reitera que quere que conste na acta.

- O concelleiro de Cultura contestoulle no anterior Pleno á pregunta sobre a privatización dos actos do entroido a través dunha empresa privada, se sería necesario a participación de traballadores municipais, concretamente da Área de Cultura e Deportes, que sempre asumiron a coorganización deste festival ao que díxolles que só habería unha persoa como nexo de unión entre a empresa e o

Concello, pero viu que isto non foi así. Pregúntalle porque varias persoas do departamento tiveron que vir traballar ese día, cando no prego pon concretamente como se debía facer?. Os traballadores viñeron por voluntarios?, se lles vai pagar esas horas á empresa privada ou aos traballadores?. Rógalle que llo explique.

Contéstalle o concelleiro de Cultura, Justo Martínez Ardá, que é certo e asume el o erro, xa que na súa mente só había unha persoa que tería relación directa coa empresa e tanto o luns, como o martes e o mércores non se lle pasou pola cabeza contemplar a actuación do mércores. Ao final si houbo dúas persoas, unha que fixo a presentación da gala final e outra que foi a persoa que estivo en contacto coa empresa. Evidentemente retribuírase tempo por tempo.

- Pregúntalle á voceira do grupo municipal do BNG polo dito na súa intervención antes no punto da Moción do PP que rexeitaba a postura paternalista do PP. Que lle parece que o BNG, quitando a Somos Fene, un partido de nova creación que leva aínda non tres anos na política, sexa o único partido político desta Corporación que nunca tivo unha muller de cabeza na lista?. Tamén gustaríalle saber que pensa como muller, cando no 2007, cando dimitiu o cabeza de lista do seu grupo ocupou o seu lugar unha muller, que ía de número dous e que non fose ela a voceira do goberno, senón que foi o seu número seis, que pasou ao número cinco, e que curiosamente era un home?. Que pensa que fose o PP quen fose o primeiro en ter unha voceira do goberno muller?. Que pensa dese cargo cando na totalidade dos Plenos se substitúe a súa labor como voceira tanto polo alcalde e ultimamente polo seu compañeiro, ambos os dous homes, pois non a substitúe a súa compañeira. Gustaríalle saber a súa posición respecto disto, máis tendo en conta que vén aí o 8 de marzo e que vostede rexeita o paternalismo do PP. O PP de Fene demostrou que en igualdade vai a anos luz do BNG ao que vostede representa.

Contéstalle a voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que as súas consideracións persoais pensa que non as ten que dicir aquí, pero as decisións do seu partido son consensuadas por homes e mulleres. Como compoñente do BNG síntese tremendamente orgullosa das decisións que toma o seu partido e pensa que a súa voceira nacional é marabillosa, estupenda, traballadora e loitadora. Respecto a Fene dille que non ten ningún problema en compartir o posto de voceira cos seus compañeiros, neste caso co concelleiro Justo Martínez Ardá ou o co alcalde.

A continuación o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Respecto do punto limpo dille ao alcalde que el escoitou a un alcalde, deses cinco que dixo, queixarse notablemente de que o impulso do punto limpo varia dunha corporación a outra, xa que co alcalde de Fene só se reuniu unha soa vez. Por tanto a información que ten dos concelleiros e alcaldes dos cinco concellos é que o informe económico non está rematado que só se presentou unha especie de informe. Dille ao alcalde que saíu nos xornais en xullo, logo da reunión dos alcaldes, e dixo que lle pediría á Xunta de Galicia de que fixese ese informe económico e ata o de agora non hai máis novas, mais que aquela cousa que se presentou na xuntanza de alcaldes. Tamén lle dixeron algo sobre os traballos que se están a facer respecto do regulamento, pois o que hai na web municipal non coincide co que teñen os concelleiros de Cabanas, é dicir, parece que se está traballando sobre documentos distintos polo que non sabe que traballo de coordinación e impulso está a facer Fene. Por iso pregúntalle ao alcalde, que pasa con esa memoria económica?, que pasa coa petición para que a Xunta de Galicia a elabore?, cales son as discrepancias que hai respecto do regulamento e do modelo de xestión?, cal é o mecanismo de negociación que leva o alcalde?, xa que lle resulta moi peculiar que só se faga unha reunión en tres anos para falar dunha cuestión que vostede quería preguntar. Lémbrelle que os acordos que o levaron a ser alcalde pediu especificamente que as competencias do punto limpo se quitasen de Servizos, pois vostede, como alcalde, tiña especial interese nisto. Tamén soubo que hai problemas políticos e técnicos para desenvolver o acordo, escoitou que Cabanas lle poñen bastante pegas a que o seu nome non figure en ningún sitio, cando son copropietarios, por iso gustaríalle saber, quen do Concello de Fene, político ou técnico, é o que se empeña tanto en que o outro copropietario non figure en ningún papel?, xa que semella que este é un dos principais atrancos. Respecto do equipamento quere saber que servizos son precisos para que se poña en marcha?, cales hai solicitados?, que previsión de tempo hai para obtelos?. Fíxose un estudo da situación do punto limpo?, nestes momentos, tal e como está, pódese poñer en marcha?, son precisas obras de acondicionamento?, é necesario repoñer ou reparar maquinaria dos seus equipamentos?. En definitiva, quere saber se hai un estudo do custe que determine canto hai que investir para poñelo en marcha?. Tamén quere saber se se

traballa na idea de que o servizo sexa de balde ou de pago?, se vai ser de pago, hai mecanismos para saber como os usuarios terán que facer os pagamentos?. Quere preguntarlle porque está a traballar fóra antes de arranxar a súa casa?, xa que ao seu grupo presentoulle unha proposta e a súa xestión rematou en quedar en facer outra xuntanza e, respecto da xuntanzas dos alcaldes cónstalle outro tanto da mesma situación. Os alcaldes dixéronlle que non hai acordo en canto á memoria económica, que non se saíu daquela xuntanza cun acordo respecto do regulamento e isto non llo dixo ningún alcalde do partido Popular, sen embargo antes dixo daquela xuntanza que había case consenso. Di que deste tema non entende nada e vese pouco traballo de quen lle toca coordinar e impulsar, pouco traballo interno e moito menos externo.

Contéstalle o alcalde que non sabe o que lle contan pero si sabe o que se acorda nas reunións. Non houbo unha reunión en tres anos neste Concello senón que á marxe de reunións informais, houbo cando menos tres reunións nas que estiveron os alcaldes e nalgunha cos seus técnicos. Por outro lado, di que houbo un borrador de regulamento que se lle achegou no seu momento á oposición e un regulamento definitivo, acordado nunha reunión no Concello por todos os alcaldes. Este regulamento tamén se lle pasou á oposición e foi o que se expuxo publicamente para que calquera veciño puidese alegar o que considerase. Considera que o Pleno apoiará o regulamento, xa que foi presentado e ninguén fixo ningunha achega. Se todos os concellos afectados están de acordo non pensa que haxa ningún grupo municipal neste Pleno, que non achegou nada en sentido contrario ao texto, que veña dicir o contrario.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, dille ao alcalde que non convocou ningunha reunión para obter o consenso de todos os grupos.

Contéstalle o alcalde que o que non vai facer é convocar unha reunión cada tres días para que cada tres días cambien de parecer porque entón claro que non se avanza. Os grupos municipais teñen un regulamento e tiveron tempo para facer calquera tipo de alegación. Falou con todos os grupos e a todos valíalles o regulamento tal e como estaba.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, dille ao alcalde que iso é presupoñer moito.

Prosegue a dicir o alcalde que todas as preguntas que fixo o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, están no regulamento que lle entregou. Non hai informe económico porque estase pendente de pechar este regulamento con Cabanas. Primeiro hai que ter o regulamento pechado, xa que se o horario de apertura varía o informe económico que se solicite non valerá, por iso hai que ir dando pasos un a un. Unha vez pechado isto elaborárase o informe económico. En canto ao regulamento que xa ten a oposición se lle faga algún tipo de modificación polo copropietario, se é o caso, volverallo achegar con estas modificacións e volverase falar deste asunto. Falarao as veces que faga falla e dille ao voceiro do grupo municipal Socialista, que as reunións sobre calquera acordo, sobre todo con el, se farán nunha Comisión. De todos os xeitos, gustaríase que constase na acta que volve a emprazar aos grupos municipais para que, se teñen algunha achega referido ao regulamento do punto limpo, lla presenten ao goberno canto antes.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, dille ao alcalde que si teñen aportacións feitas por escrito hai tempo.

A Continuación intervén o alcalde que contéstalle que lle agradecería que as houbese presentado nalgún momento e rógalle que as presente canto antes.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, contéstalle ao alcalde que cando o convoque, as levarán.

Seguidamente o alcalde reitéralle que lle agradecería que as presentase xa.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, a raíz do que se acaba de falar, que di que é consciente de ter recibido un borrador, pero non considera que o alcalde o trate como un usuario ou veciño máis para ver o que se publicou na web.

De seguido intervén o alcalde que dille ao voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que recibiu un borrador e un mes despois, aproximadamente, outro que é o regulamento definitivo que é o que se publicou na web. Dille ao voceiro do grupo municipal

Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que pódelle responder polo que ten el e non polo que teñen outras persoas, así preguntalle, se é certo o documento que lle pasou el coincide co publicado na web?. O que sabe é que todos os concellos teñen este documento na mao dende hai moitos meses porque foi o regulamento acordado por todos. As cuestións que están bloqueando o avance hainas que preguntar en Cabanas. Leva días falando con Cabanas e non sabe exactamente cales son os problemas que hai agora, pero hai tempo que se lle dixo que redactasen literalmente as modificacións que querían que puxese ese apartado, xa que Fene non vai poñer pegas nisto, e ata hoxe, aínda non esta feito. Isto díxoselle hai máis dun mes e o parágrafo que había que cambiar aínda non está cambiado.

- Por que non se contestaron as queixas do veciño do entrechán B da rúa da Fraga, núm. 16 polas humidades que lle entran na vivenda?, xa se determinou se a responsabilidade procede do edificio ou do Concello? e se se vai actuar ou xa se actuou?.

- Respecto ao farol que foi derrubado na avenida Naturais, xa hai unha cuantificación da indemnización do seguro e canto se indemnizou ao concello por este farol?.

- Na avenida das Pías hai un lavado de coches que ten tramitado un vao, non hai moito tempo, pero é evidente que se alguén ten permiso para lavar coches e non ten un vao para a entrada, hai algúns postos de traballo que corren perigo. Hai algunha previsión para resolver esta cuestión?.

- Logo de pasar o túnel de Pan Perlío, a iluminación é moi deficiente. Cónstalle que é unha zona que no seu momento tivo certa perigosidade, por iso roga que instale unha iluminación máis axeitada para a zona, pois é moi concorrida pola que tamén pasa xente maior e hai puntos escuros.

- Respecto da obra das curvas de Santa Ana di que recibiron o informe, con tres días de retraso. Preguntalle ao alcalde se esta semana ten previsto reunirse co xefe de pavimentos e obras de Estradas do Estado?. Se xa se fixo a xuntanza quere saber se houbo algún avance. Respecto do informe que se remitiu a Estradas do Estado di que ten as cuestións básicas pero notou algunha ausencia, demandas veciñais non recollidas, incluso algo que asinaron todos os partidos que foi a seguridade para as bicicletas no tramo non figura, por iso quere saber por que?.

Contéstalle o alcalde que o outro día non lle dixo que ía haber unha xuntanza con este técnico senón que o técnico ía vir por outros motivos. Hoxe falou con Fomento e quedou pendente que o responsable o chamaría hoxe ou mañá para aclarar cousas. Sabe que os informes están en Fomento e verá se poden aclarar as cousas e o tempo que tardan en estudalas. Non obstante dixo que hai demandas dos veciños que non contempla o documento que fixeron todos os grupos e iso foi así porque se atendeu o inmediato do problema, solucionar o pintado da estrada. Logo, se se fan o resto das peticións e se meten todas xuntas nun proxecto é probable que tarde moito, pero o escrito que asinaron todos os grupos xa está en Fomento.

A continuación o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, roga que se lle pase por escrito os datos dos accidentes dende que se arranxou a mediana. Sabe que xa houbo algún e supón que haberá constancia.

Contéstalle o alcalde que se pode pedir sen ningún problema.

- Respecto dos expedientes de disciplina urbanística, quere saber se vai haber solución ou non para as árbores que están a menor distancia da regulamentaria?, se no cruce da travesía do Catalán vanse poder talar as árbores?. Di que xa se cumpriu tres anos e medio dende que o veciño presentou a reclamación, aínda que a primeira reclamación dirixiuna á Xunta de Galicia e iso fíxolle perder algo de tempo.

- Respecto da rúa Travesa, núm. 26, cando se vai poder avanzar algo para poder rozar a finca?.

- Houbo algunha variación nas cesións da rúa do Carril?.

- Roga que o goberno se preocupe do centro de saúde de Fene. Pasou por alí e veu goteiras no tellado ou deficiencias notables na caldeira que pensa deben ser arranxados con celeridade.

- Quere saber algo ao respecto das denuncias e posibles irregularidades que hai sobre a escola de baile?

- Hai previsión para intervir no camiño do Castelo, en Limodre, porque aquilo segue cunha fochancas tremendas que non lle teñen nada que envexar ás reclamadas da saída de San Valentín ou mesmo na rotonda das Pías. Roga que se arranxe canto antes, cando menos, para poder transitar.

- Pregunta por segunda ou terceira vez, cal é a frecuencia da retirada das pilas dos comercios?. Roga que se pase pola Torre 2 de San Valentín na que hai establecementos con colectores cheos.

- Hai algo ao respecto dos orzamentos?, das ordenanzas fiscais?. Rógalle ao goberno que non lles fagan promesas e pídelle que se hai algo que dicir que o digan, senón, case é mellor que non lle contesten.

- Respecto da reparación que se fixo no Tarrío respecto dos pasos. No seu momento xa dixo que o arranxo dos tubos de desaugamento foi unha chapuzada. Pode entender que todo o mundo pódese equivocar, pero facer mal dúas veces á mesma cousa e no mesmo sitio ten delito. Roga que se revise esta actuación.

- Respecto da rúa Travesa di que a calidade do aglomerado non foi boa, cada día hai menos aglomerado na estrada. Dá por suposto que se lle reclamou á empresa que fixo estas obras e quere saber os prazos e os tempos, xa que non é normal que unha rúa recen arranxada este case peor que antes do arranxo.

- Nos temas de igualdade di que trátase de perseverar e seguir mellorando, pero respecto do orgullo que sente a concelleira do BNG de como a tratan no seu partido pregúntalle, a raíz do que dixo, que pensou en todos os partidos que pasaron polo Concello, agás Somos Fene que é de recente creación, e todos tiveron candidatas á alcaldía agás un, o BNG, que nunca tivo ningunha candidata. Por iso dille que as leccións que lle dan a outros non as aplican para si en Fene. Rógalle que as medicinas e os remedios sexan os mesmos para os de fóra e para os de dentro.

- Respecto do xuízo que se falou antes tiña algún dato, pero o que dixo o acabou por descadrar. Se houbo un procedemento que iniciou o alcalde, que como representante do Concello o inicia este.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que dille que o procedemento o iniciou o seu partido.

Continúa o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que iniciado o procedemento, o alcalde personouse como Concello de Fene e logo retirouse. Os custes que houbo cubriunos o alcalde en persoa. Congratúlase de que o Concello non teña que asumir custes pero non o acaba de entender, que o Concello inicie unha actividade e, tras retirarse, a pague outro. Pensa que o alcalde debíalles dar algunha explicación fóra do que lles dixo, pois a que deu non a entende moito. Pensa que algo non fixo ben e que debía explicalo.

Rematados os rogos e preguntas do voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, intervén o alcalde que di que este punto da orde do día é para facer rogos e preguntas, e que os mitins fanse noutro sitio. Dille que lle corresponde moderar este Pleno e que falou corenta minutos.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que contéstalle ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que responderá as súas preguntas na Comisión.

A continuación fai uso da palabra a concelleira de Persoal, Alejandra Permuy Meizoso, que contéstalle ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que responderá as súas preguntas na Comisión.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que roga que lle contesten, se non pode ser hoxe, mañá ou canto antes, á pregunta que fixo sobre o vao do lavado de coches, porque lle urxe saber algo.

O voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que fai os seguintes rogos e preguntas:

- Felicita ao alcalde por recoller o desfibrilador para Protección Civil, logo de dous anos sen cumprir a proposta do seu grupo de dotar de desfibriladores á maioría das instalacións deportivas do Concello. Nunca é tarde.

- Logo de todas as explicacións sobre a xudicialización do Concello, no proceso xudicial contra a reclamación de Somos Fene para restituír os seus dereitos como concelleiros nunca aparece a sigla do BNG, senón Concello de Fene, e só unha vez figura o avogado da Deputación. Por iso non entende as explicacións que deu antes sobre os custes e os gastos e quen paga eses trámites. El sabe que o seu o pagan eles, pero non litigan contra o BNG, litiga contra o Concello que é quen está en contra en todos os recursos que se presentan. Pode explicarllo?.

Contéstalle o alcalde que non falaron do mesmo proceso xudicial. Son cousas distintas. Dille que vostede preguntou sobre o proceso de Somos Fene contra o Concello de Fene. Este asunto está nas mans dos letrados e da asistencia xurídica da Deputación da Coruña. Todos os concellos da provincia ten unha asistencia xurídica coa Deputación e cando esta intervéen cando considera que non son asuntos políticos e cando son non intervéen.

A continuación intervéen o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que lle pregunta ao alcalde se este non é un asunto político?.

Contéstalle o alcalde que se trata dun asunto político entre partidos. Dille que vostede cree que hai algo máis do que en realidade hai. O BNG aquí pinta pouco. Vostede demandou ao Concello de Fene cando ao mellor quixera demandar ao BNG, pero non pode, por iso demandou ao Concello, é dicir, o seu partido político demandou ao Concello e a interpretación é que non demanda a outro partido. Cando é unha un proceso xudicial entre partidos é cando a Deputación non entra.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que el non demandou ao BNG senón que demandou ao Concello de Fene.

De seguido intervéen o alcalde que di que estes asuntos leváronse directamente á Deputación e foi a asesoría xurídica a que dixo se pode levar ou non un asunto. El como alcalde non pode decidir ao respecto, outra cousa é que interprete que a asesoría xurídica da Deputación sexa partidista.

O concelleiro do grupo municipal Somos Fene, César Daniel Castro García, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Pregúntalle á concelleira de Medio Ambiente respecto a alarma sobre as ratas na zona urbana, tomouse algún tipo de medida de reforzo na desratización?.

- Pregúntalle á concelleira de Servizos se hai algunha nova sobre a proposta do seu grupo de solicitar unha xuntanza, na que lle gustaría participar, cara a falar das obras nos colexios?.

De seguido intervéen o alcalde que di que o resto das preguntas se contestarán na Comisión.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 20.51 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Juventino José Trigo Rey.